

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERÉS GENERAL ENTRE LA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE Y ASTRAZENCA FARMACÉUTICA SPAIN S.A. PARA LA REALIZACIÓN DE UNA PÍLDORA FORMATIVA E-LEARNING SOBRE “CÁNCER DE PULMÓN”**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) formalizou o 15.04.2021 o convenio arriba referido coa entidade AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A., por un período de vixencia que vai dende o día seguinte ao da súa firma ata o cumprimento total das obrigacións contraídas e aceptadas polas partes, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración das partes para a realización e gravación dunha píldora formativa e- learning sobre “*Cancro de pulmón*”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que polo decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a ACIS, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A. é un laboratorio farmacéutico dedicado á investigación, desenvolvemento e comercialización de especialidades farmacéuticas interesado na mellora do coñecemento científico e das condicións de vida das persoas. AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A. desexa colaborar na realización dos fins de ACIS de acordo con este convenio de colaboración e, en particular, no proxecto identificado no Anexo I do convenio.

O presente convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que “*As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.*” e, de modo específico, no artigo 25

da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os “*Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral*” e en cuxo apartado 1 establécese que “*Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades.*”

*A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos.”.*

Que segundo se establece no artigo 17 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se creou a ACIS, son funcións da área de Xestión do Coñecemento e Talento, entre outras, “*Identificar o coñecemento relevante nas distintas unidades e institucións do sistema sanitario e desenvolver as ferramentas precisas para a súa divulgación*” e “*Propoñer ferramentas para a materialización do coñecemento creando produtos e servizos que faciliten a súa extensión e implantación no sistema de saúde*”.

Que ambas as partes estaban interesadas en colaborar na elaboración e desenvolvemento de contidos en materia de “*Cancro de pulmón*” e na difusión dos seus resultados a través da gravación dunha pílula formativa en formato e-learning, colaborando AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A. mediante o financiamento da dita pílula formativa.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

